



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-SX / 2022

Expediente 2021000049729

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2022- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes antecedentes:

Primeiro.- Por Resolución da Presidencia 8465, do 16/02/2022 , aprobáronse as Bases Reguladoras das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2022- Área de ciencias sociais e xurídicas publicadas no BOP nº 34, do 18/02/2022.

Segundo.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Terceiro.- De acordo coas bases da convocatoria, por resolución da presidencia número 26347, do 02/06/2022, designáronse os membros do tribunal. A primeira reunión do tribunal tivo lugar o día 06/06/2022 e a segunda reunión o día 20/06/2022.

Cuarto.- De conformidade co punto 6.2 das bases reguladoras o tribunal acordou deixar deserta unha das bolsas por non acadar a calidade suficiente. A bolsa deserta asignouse a área de ciencias por ser a que ten maior número de solicitudes por bolsa.

Quinto.- Na partida orzamentaria 0612/3262/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2022, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das bolsas propostas.

RESOLVO:

- 1.- Aprobar as puntuacións das persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1.
- 2.- Declarar deserta unha das bolsas por non acadar a calidade suficiente para a súa concesión, de conformidade co establecido no punto 6.2 das bases reguladoras.
- 3.- Conceder provisionalmente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 40.000,00 €.

Realizar as correspondentes minoracións nos documentos contables A 220220005738 e RC 220220002524 por importe de 10.000 € para deixar o crédito en dispoñible na aplicación orzamentaria 0612/3262/481.

4.- Publicar a presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou presentar emenda de erros .

6.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor das persoas beneficiarias propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1. PUNTUACIÓNS

| NOME | EXPEDIENTE ACADÉMICO | CURRICULO | PROXECTO INVESTIGACIÓN | TOTAL PUNTOS |
|--------------------------------|----------------------|-----------|------------------------|--------------|
| CORREA CHICA, JULLY ANDREA | 2,35 | 1,80 | 3,00 | 7,15 |
| DOPICO CASAL, CARLOS | 2,75 | 0,30 | 4,10 | 7,15 |
| MONJE AMOR, ARIADNA | 2,69 | 2,00 | 3,30 | 7,99 |
| NEIRA CARIDAD, DAVID | 2,28 | 1,25 | 2,80 | 6,33 |
| PÉREZ SANCHO, ÁLVARO BENEDICTO | 2,42 | 2,00 | 2,10 | 6,52 |
| TOMÉ LOURIDO, DAVID | 2,59 | 2,00 | 3,60 | 8,19 |

ANEXO 2. CONCEDIDAS PROVISIONALMENTE

| SOLICITUDES | | IMPORTE |
|----------------------------|--|-----------|
| Persoa Beneficiaria | CORREA CHICA, JULLY ANDREA 2022000021551 <i>Populismo e ameaza á convivencia democrática na rede dixital Twitter e en medios de comunicación. Procesos psicosociais subxacentes.</i> | 10.000,00 |
| Persoa Beneficiaria | DOPICO CASAL, CARLOS 2022000021284 (DES)CONECTA: Programa breve de mindfulness en liña para a mellora do benestar psicolóxico das persoas traballadoras | 10.000,00 |
| Persoa Beneficiaria | MONJE AMOR, ARIADNA 2022000021115 <i>Os efectos moderadores entre o apoderamento psicolóxico e o compromiso no traballo no sector turístico galego</i> | 10.000,00 |
| Persoa Beneficiaria | TOMÉ LOURIDO, DAVID 2022000018735 <i>Ansiedade e autocontrol antes e despois da pandemia: a importancia da práctica deportiva en Galicia</i> | 10.000,00 |